

Criterios para outorgar matrículas de honra

Na Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación indicase no apartado 12.1 o seguinte:

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

No caso de que haxa máis alumnos/as con dita media, os criterios para outorgalas serán o seguintes:

- Mellor nota media no último curso.
- Mellor nota media na etapa.
- Mellor comportamento ao longo da etapa (non ter ningunha falta de orde no curso, ou ao longo da etapa)
- Ter participado de xeito activo na vida do centro (participación en concursos, colaboración en actividades, ser membro activo do equipo de biblioteca, club de ciencia...)